

# Leilía

Texto final

## SON DE LEILÍA

*Cando no ano 89 nos xuntamos para cantar, non tiñamos nin idea do que nos esperaba como grupo... e como quen non quere a cousa, veu o primeiro concerto, a necesidade de ter un nome, Leilía, chegou a primeira entrevista, o primeiro artigo no xornal... o primeiro disco...*

*Na maioría dos casos estes acontecementos chegaron a nós da man de persoas que valoraban sinceramente o noso traballo e poñían empeño en dalo a coñecer. Coas súas ganas e o seu tesón deron azos e inxectaron luz a un proxecto que estaba callando.*

*Ó longo destes 15 anos seguimos recibindo alento e ánimo dos amigos, pero tamén dos descoñecidos e “anónimos” que acoden ós nosos concertos, que mercan os nosos discos e que contribúen a que o proxecto de Leilía sexa unha realidade, consolidándose día a día.*

*“Sempre e bo ter algo que agradecer...”*

*Esta frase xa a empregamos nos agradecementos do noso I é verdade I é mentira, e pasados uns anos non se nos ocorre ningunha outra que recolla mellor o sentimento de arroupamento que tantas mans amigas nos tenderon ó longo destes anos.*

*Sinceramente, grazas a TODOS por todo.*